



Atención de : Manuel Corredoira López
Inspector de Educación.

Asunto: Solicitud de Servicio de Comedor

Narón 16 de novembro de 2005.

Antón López Anca , Director do CEIP A Solaina de Narón.

Expón:

Que este centro tiña solicitado a través do Consello Escolar que represento a solicitude para implantación do servizo de comedor, que despois de ter os requisitos necesarios e novamente reunido o consello escolar tal como consta na acta celebrada o día 15 de novembro de 2005, indicamos que:

- O funcionamento deste servizo cumpre a normativa sobre o funcionamento dos comedores escolares segundo reflicte no Decreto 16/84 de 9 de febreiro.
- O centro dispón de instalacións axeitadas para o desenvolvemento deste programa (axuntase orixinal da certificación municipal da habilitación).
- A xestión de comedor verificase de forma autónoma pola ANPA.
- Os usuarios do comedor son o alumnado do centro.
- A ANPA responsabilízase da tutela, orde e disciplina, desde a terminación das clases da mañá, ata o inicio da xornada da tarde (actividades extraescolares); así como do respecto, conservación e bo trato das dependencias e do material do centro do que faga uso ó longo do período de tempo de funcionamento, desde Outubro ata Maio.

Polo que SOLICITA:

Autorización para implantación deste servizo de Comedor neste curso 2005-2006 na modalidade de catering, considerando que o Consello Escolar deste CEIP ten aprobado favorablemente e por unanimidade este proxecto segundo consta na acta antes mencionada.

ADO: ANTÓN LÓPEZ ANCA

DIRECTOR DO CEIP A SOLAINA

INSPECTOR DE EDUCACIÓN MANUEL CORREDOIRA LÓPEZ